

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DO GRADO DE DEREITO.

O 23 de xuño de 2021 o representante da UNED en Ourense solicitou asinar un convenio coa Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo para que se lle facilite aos estudantes que cursen en Galicia dereito administrativo na UNED a posibilidade de realizar o seu Practicum na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, indicando que as competencias sinaladas nos artigos 32 ao 36 do Decreto 214/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica desta Consellería, encaixan perfectamente no obxectivo que se busca co devandito convenio.

Tendo en conta o contido basicamente administrativo das competencias e funcións que se realizan nos distintos departamentos desta Dirección Xeral, a valoración desta solicitude de convenio é que pode resultar proveitosa a prestación desa colaboración coa UNED, ao considerar que esta actividade pode resultar de grande interese para completar a formación de futuros profesionais. Neste sentido mantiveronse as oportunas reunións previas para configurar o contido do Convenio de colaboración que agora estase a tramitar.

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 - Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 497
emerxencias.interior@xunta.gal



Tendo en conta o anterior, o obxecto deste convenio é a formalización dun convenio de cooperación educativa polo que os estudantes matriculados en ensinanzas conducentes á obtención dun título oficial de Grado en Dereito nos centros da UNED na Comunidade Autónoma de Galicia poidan realizar prácticas extracurriculares nas instalacións da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, con gallo de completar a súa educación universitaria. As prácticas serán extracurriculares ou complementarias.

No convenio ademais do seu obxecto regulanse os requisitos dos estudantes para acceder a estas prácticas, os períodos máximos de duración, réxime de permisos e condicións de resolución anticipada das prácticas, as obrigas dos estudantes e da Consellería, a designación de titores, os seguros dos estudantes, os efectos destas prácticas e as demais cláusulas xenéricas dos convenios, incluída unha cláusula de non discriminación de persoas con discapacidade.

A vixencia deste convenio será de catro anos, podendo renovarse á súa finalización mediante a sinatura doutro novo convenio.

O presente convenio non ten contido económico

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O director xeral de Emerxencias e Interior.

Santiago Villanueva Álvarez

